



BOP

DEPUTACIÓN DE LUGO

VENRES, 22 DE ABRIL DE 2022

N.º 091

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 18 de marzo de 2022, o expediente de modificación de créditos núm. 3 /2022 (1º de competencia do pleno), dentro do vixente Presupuesto municipal e con modificación do anexo de investimentos, por un importe total de Sesenta mil setecentos oitenta e cinco (60.785,00) euros, e transcurrido o prazo dos quince días hábiles, contados a partir da inserción do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, sin que se tivesen presentado reclamacións, o mesmo entenderase elevado a definitivo, quedando o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido orzamento, da seguinte forma:

Cap. 1.- Remuneracións de persoal.	678.411,86 €.
Cap. 2.- Compra de bens correntes e de servicios.	1.577.300,80 "
Cap. 3.- Gastos financeiros.	3.400,00 "
Cap. 4.- Transferencias correntes.	166.295,00 "
Cap. 5.- Fondo de Continxencia.	0,00 "
Cap. 6.- Inversións reais.	2.643.914,53 "
Cap. 7.- Transferencias de capital.	24.000,00 "
Cap. 8.- Variación de activos financeiros.	0,00 "
Cap. 9.- Variación de pasivos financeiros.	0,00 "
SUMA TOTAL	5.093.322,19 €

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Begonte, 13 de abril de 2022.- O Alcalde, Jose Ulla Rocha.

R. 0917

Anuncio

Elevado a definitivo o acordo do Pleno da Corporación de data 18 de marzo de 2022, de aprobación inicial da modificación das Bases de execución do Orzamento municipal para o exercicio de 2022 , no relativo á relación das subvencións nominativas nel previstas; en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o texto da devandita modificación.

Base 26ª.- Subvencións Nominativas con cargo ao Exercicio:

- b) Por último, recóllese como subvención nominativa, entre outras, a seguinte subvención e polo importe que se cita: Asociación "Educando en Familia", de ata 3.000,00 €.

Begonte, 13 de abril de 2022.- O Alcalde, Jose Ulla Rocha.

R. 0924

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón de actividades socioculturais e deportivas correspondente ao mes de abril de 2022, por un importe de 3.286,25€

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzcan reclamacións contra o mesmo.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 28 de abril de 2022.- O Alcalde, Jose Ulla Rocha.

R. 0925

FRIOL

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE MARZO DE 2022

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 11 de abril de 2022, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogardo mes de marzo de 2022, por un importe total de 6.112,46 Euros.

Segundo odisposto no artigo 102.3 da Leixeral tributaria, por medio do presente pone en coñecemento dos contribuíntesobrigadosao pagamento do prezo público, que dispoñendunprazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, aoobxecto de que poda ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulasesningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidadco artigo 223.1 da Leixeral tributaria, poderáninterpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazodun mes, que comezará a contar dende o día seguinteao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderáinterpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen naLei

Reguladora da referida xurisdición.No entanto, poderáninterpoñercalqueraoutro recurso que consideren oportuno.

Inícase así mesmo o procedemento de recadación, séndollesadebedados os correspondentes recibos no respectivo número de conta bancaria

Friol, 12 de abril de 2022.- O Alcalde-Presidente, José Ángel Santos Sánchez

R. 0905

LÁNCARA

Anuncio

Anuncio de cobranza

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 13 de abril de 2022, aprobou o padrón de vados correspondente ó exercicio 2022.

O importe total do padrón ascende a 588,00 €, sendo o período voluntario de cobro dende o día 13 de abril ata o 13 de xuño de 2022, de conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei Xeral Tributaria.

O que se expón ao público na Casa do Concello, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da LXT, poderán interpoñer recurso de reposición ante ó órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo de exposición ó público do padrón. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Láncara, 13 de abril de 2022.- O alcalde, Darío A Piñeiro López.

R. 0927

LUGO

Anuncio

A ILMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo, con data do 9 de marzo de 2022, ditou o Decreto Nº: 2593/2022 relativo ao nomeamento dun funcionario en prácticas na categoría de Intendente do Corpo da Policía Local, cuxa parte resolutiva é do teor literal seguinte:

“Primeiro.”- Nomear como FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS NA CATEGORÍA DE INTENDENTE DO CORPO DA POLICÍA LOCAL a:

Nome e apelidos	DNI
Jesús Piñeiro Santos	****7223*

con efectos do día seguinte a notificación da presente resolución.

Segundo.- O aspirante deberá comunicar ao comienzo do período de prácticas a opción das previstas no artigo 2 do RD 456/1986, de 10 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

Terceiro.- Notificarles os nomeamentos en prácticas ós/ás interesados/as, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á notificación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Cuarto.- Ordear a publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

Lugo, 13 de abril de 2022.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos. Mercedes Paula Alvarellos Fondo

R. 0906

MONTERROSO

Anuncio

Por decreto de Alcaldia de data 12 de abril de 2022 aprobáronse as bases para a contratación con carácter laboral temporal dun posto de peón de obras (xornada completa-6 meses) con cargo ao programa de fomento do emprego 2021 da Excma. Deputación de Lugo e o Concello de Monterroso como persoal laboral temporal:

-Un peón de obras

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto das bases no BOP de Lugo.

As bases completas están expostas na sede electrónica do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.es/>) e no taboleiro de edictos do Concello.

Monterroso, 13 de abril de 2022.- A Alcadesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 0907

Anuncio

Por Decreto de alcaldia de data 13 de abril de 2022 aprobáronse as bases para a contratación con carácter laboral temporal dun posto de peón de condutor (xornada completa-6 meses) con cargo ao programa de fomento do emprego 2021 da Excma. Deputación de Lugo e o Concello de Monterroso como persoal laboral temporal:

-Un peón condutor

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto das bases no BOP de Lugo.

As bases completas están expostas na sede electrónica do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.es/>) e no taboleiro de edictos do Concello.

Monterroso, 13 de abril de 2022.- A alcadesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 0908

VILALBA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE VILALBA

O Pleno do Excmo. Concello de Vilalba, en sesión ordinaria celebrada o día 7 de abril de 2022, acordaba aprobar inicialmente a modificación do Regulamento do comedor escolar da Escola de Educación Infantil de Vilalba. De conformidade co preceptuado nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local, e 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aprobou o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Régime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de 30 días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que poida ser examinado e formularse polos interesados as reclamacións e/ou suxerencias que estimen pertinentes.

O expediente pode ser consultado, durante o período de información pública, no Indicador 2.1 do Portal de Transparencia da sede electrónica [<http://vilalba.sedelectronica.es>], así como no portal web municipal [<https://www.vilalba.gal/es/>].

No caso de que non se presenten reclamacións e/ou suxerencias en relación coa aprobación inicial da modificación do Regulamento no prazo de información pública e audiencia aos interesados, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local.

O que se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no citado acordo plenario.

Vilalba, 12 de abril de 2022.- A Alcadesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 0909

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente: A/27/28085

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 23 de marzo de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Casa do Brais, S. C, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,123 l/s de agua procedente de un manantial situado en la parcela catastral 1 del polígono

93, en el lugar de Quinzán, parroquia de Mato (San Martiño), en el término municipal de Taboada (Lugo) para usos ganaderos.

Lugo, 5 de abril de 2022.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0910
